



## XXII CONCURSO DE COCIÑA E COCTELARÍA MEMORIAL FRAGA DO EUME

Xoves 29 de febreiro de 2024

Concurso de deseño do cartel anunciador do XXIII concurso de cociña e coctelaría “Memorial Fraqa do Eume”

### INTRODUCCIÓN

“O concurso en cuestión pretende ser un encontro entre os centros formativos da comunidade autónoma que imparten ensinanzas de hostalaría, máis que unha competición. Asimesmo outro dos seus cometidos é fomentar tanto a técnica como a creatividade e a aprendizaxe a través da experimentación e a experiencia; así como a promoción dos produtos autóctonos. E como non manter viva a memoria de aqueles que dán nome ó mesmo, e cuio labor profesional e calidade persoal o fan de sobra merecedor desta sinxela e sincera homenaxe” .

### BASES

#### 1ª.- PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso cantos artistas e deseñadores estean interesados no mesmo, individualmente ou en equipo.

#### 2ª.- TEMA, CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS, ROTULACIÓN E LEMA

##### A.- Tema:

O asunto das obras deberá ter en conta o concurso que se trata de anunciar, é dicir, un tema relacionado co Concurso de Cociña e Coctelaría “Memorial Fraga do Eume” ou outros que de forma directa ou indirecta se relacionase con todo o que engloba esta convocatoria de concurso adicado na presente edición a: “Lirios”, “Grelos” e “Queixo San Simón da Costa” con elaboración creativas diferenciadas de tapa e ración. Así como á “coctelaría clásica internacional” e tamén haberá un concurso de “coctelaría creativa”.

Os traballos han de ser orixinais e inéditos, non tendo sido presentados noutros concursos e que non supoñan en todo ou en parte, copia ou plaxio doutras obras. Os autores serán responsables, ante o CIFP Fraga do Eume - Pontedeume e fronte a terceiros, do cumprimento do establecido nestas bases.



## XXII CONCURSO DE COCIÑA E COCTELARÍA MEMORIAL FRAGA DO EUME

Xoves 29 de febreiro de 2024

### B.- Características técnicas:

Serán de concepción e técnicas libres, sempre que sexa posible a súa reprodución. O carteis presentaranse sobre una placa de “cartón pluma” sen cristal protector nin marco. O seu formato será vertical e o tamaño de 29,7cm x 42 cm.(A3)

Os autores aportarán unha reprodución a cor coas medidas indicadas, así como o correspondente soporte magnético ( Formato .JPG ó .PDF) con todos os ficheiros necesarios.(Fontes, etc). As imaxes serán vectorizadas, e acompañarase tamén nun formato de imaxe que permita non perder calidade por moito que se amplíe, e se adapte á resolución de calquera dispositivo de saída

Asímesmo, e tomando o cartel presentado como base, establecerase xunto co autor gañador, a creación dun folleto típico do evento segundo as premisas que se indicarían no seu momento.

### C.- Rotulación:

Nos carteis figurarán as seguintes lendas e escudos ou anagramas indicados:

- 1- XXIII. Concurso de Cociña e Coctelaría Memorial Fraga do Eume
- 2- CIFP Fraga do Eume. Pontedeume. Febreiro 2024.
- 3- Anagrama do concurso
- 4- Anagrama da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- 5- Anagrama do Concello de Pontedeume
- 6- Contemplantase un espazo para outros posibles patrocinadores ou colaboradores pendentes de concretar (de 6 a 8 colaboradores).

Os anagramas indicados, están dispoñibles no seguinte enlace:

[https://drive.google.com/drive/folders/1SGBBCXmy9WLc3qfCHqjPZrvaGOUhy0rd?u\\_sp=drive\\_link](https://drive.google.com/drive/folders/1SGBBCXmy9WLc3qfCHqjPZrvaGOUhy0rd?u_sp=drive_link)

Na parte posterior dos traballos figurará un lema que servirá para preservar a identidade do autor ata o fallo do xurado.



## XXII CONCURSO DE COCIÑA E COCTELARÍA MEMORIAL FRAGA DO EUME

Xoves 29 de febreiro de 2024

### 3ª.- PREMIOS

Establecese como premio a cantidade de 300.€ máis diploma /trofeo, para o traballo gañador, así como a repercusión de ser o cartel anunciativo do próximo XXIII Concurso de Cociña e Coctelaría Memorial Fraga do Eume sendo exposto en lugares de pública concorrencia, así como medios de comunicación.

### 4ª.- PRESENTACIÓN

O prazo rematará o día 12 de xaneiro de 2024, ás 12:00 horas.

Os traballos presentaranse, ou enviaranse debidamente embalados, ao CIFP Fraga do Eume. Pontedeume, á dirección, Avenida Ricardo Sánchez, 3 Pontedeume – A Coruña CP 15.600, (en paquete pechado, sen remitente, e que incluírá no seu interior o traballo presentado nas condicións expostas i en sobre pechado)

No sobre pechado incluírase o nome e apelidos do autor ou autores dos traballos, domicilio/s e teléfono/s, así como o correo electrónico (E-mail) e unha declaración asinada indicando que o traballo é orixinal e inédito, e no exterior do sobre indicado, aparecerá, en letras maiúsculas, o mesmo lema que figure na obra presentada, sen constar alusión algunha que permita identificar o concursante, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.

Nas obras enviadas por correo ou axencia de transportes farase constar o día e hora de entrega, sen que exista mención algunha do remitente.

### 5ª.- XURADO

O xurado para a selección da obra gañadora estará formado polos seguintes compoñentes do CIFP Fraga do Eume....

- ✓ Un representante da Dirección do Centro
- ✓ O Xefe do Dpto de Hostalaría
- ✓ Un membro do Dpto. de Hostalaría
- ✓ Un membro do Claustro de Profesores

O fallo do tribunal será o 19 de xaneiro, e farase publico o dia 22 de xaneiro a través da páxina web do Instituto <https://www.cifpfragadoeume.gal/> / <https://www.cifpfragadoeume.gal/actividades/memorial-fraga-do-eume/>



## XXII CONCURSO DE COCIÑA E COCTELARÍA MEMORIAL FRAGA DO EUME

Xoves 29 de febreiro de 2024

### 6ª.- TRABALLOS PREMIADOS

Os traballos premiados quedarán en propiedade en exclusiva do CIFP Fraga do Eume. Pontedeume., podendo ser reproducidos para anunciar os actos que tratan de anunciar e facer deles o uso promocional dos mesmos que estime conveniente, con mención do seu autor ou autores.

CIFP Fraga do Eume. Pontedeume queda facultado para introducir algunha modificación nos carteis premiados se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

### 7ª.- TRABALLOS NON PREMIADOS

Os traballos non premiados, ao igual que os premiados pasarán a ser propiedade do CIFP Fraga do Eume. Pontedeume, podendo ser utilizados por este en posibles e futuras exposicións de toda a cartelaría presentada a través dos anos. Se nun hipotético caso se utilizase algún de ditos carteis non premiados como o anunciador dun dos nosos futuros eventos, o CIFP Fraga do Eume. Pontedeume poranse en contacto co autor de dita obra, considerando tanto a este como a súa obra, baixo as mesmas premisas que se indican para os carteis gañadores da edición.

### 8ª.- NORMAS FINAIS

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases; motivo polo cal non poderán impugnalas una vez formalizada a presentación.

O CIFP Fraga do Eume. Pontedeume resérvase o dereito de deixar deserto o premio, se así o estimase pola deficiente calidade dos traballos ou pola falta de cumprimento dos requisitos establecidos. Así mesmo, esta institución quedará facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas Bases.

*As bases tamén poderán consultarse na páxina web do centro na sección adicada ao concurso. Así como os carteis das edicións anteriores e outras informacións.*

<https://www.cifpfragadoeume.gal/actividades/memorial-fraga-do-eume/>